



## Concello de Monterroso

**DONA ROCÍO SEIJAS VÁZQUEZ, ALCALDESA-PRESIDENTA DO EXCMO. CONCELLO DE MONTERROSO, FAI SABER:**

Conseguir de Monterroso un pobo habitable, limpo e respectuoso é tarefa de tod@s, polo que para manter as vías e rúas limpas e en perfecto estado de conservación, así como un bo servizo de limpeza viaria é imprescindible para que os veciñ@s se conciencien co medio ambiente e o entorno, evitando tirar e depositar todo tipo de residuos na vía pública fóra dos colectores axeitados para eles.

Nas últimas semanas detectouse que, en materia de depósito de enseres domésticos, estanse a acumular en determinadas zonas do noso municipio. Estas actitudes non poden ser toleradas pois supoñen un grave atentado ás normas máis elementais de convivencia, que ocasionan gravísimos problemas aos veciñ@s que residen nesas zonas e que empaña de forma negativa a imaxe do noso concello.

Por este motivo lémbrese á cidadanía as normas de funcionamento do **PUNTO LIMPO MUNICIPAL** sito en San Miguel de Penas en horario de venres de 9.00h a 13.00h e gratuíto para todas as persoas empadroadas no Concello.

Esta é a listaxe de residuos que se poden depositar no punto limpo:

- *Aceite vexetal*
- *Aceite mineral*
- *Rodas*
- *Mobles e enseres*
- *Metais*
- *Colchóns*
- *Plásticos duros*
- *Envases plásticos contaminados*
- *Envases metálicos contaminados*
- *Aparellos eléctricos e electrónicos (RAEE), neveiras, lavadoras e metais*
- *Plásticos agrícolas*

Asemesmo, o Concello ofrece un servizo de traslado de enseres voluminosos ao punto limpo mediante solicitude realizada nas oficinas municipais, tendo este servizo un custo de 5€

**PRÉGASE POLO BEN DE TODOS AXUDAR A COMBATER OS VERTEDOIROIS INCONTROLADOS, POLO QUE NON ABANDONE FÓRA DAS INSTALACIÓNS OU VÍAS PÚBLICAS RESIDUOS QUE DEBAN SER TRATADOS DE MANEIRA ESPECIAL.**

Monterroso na data de sinatura electrónica na marxe.

Fdo.: Rocío Seijas Vázquez (a Alcaldesa)

**Concello de Monterroso**

Plaza de Galicia, 1, Monterroso. 27560 Lugo. Tfno. 982377001. Fax: 982377617

